Viernes, 18 de diciembre de 2020 • Suplemento Promocional

# Un fene vivo por descubrir




Grupo de Acción Local do sector Pesqueiro
Golfo Ártabro Norte

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

Unión Europea
Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP)







# Patrimonio e historia



"Desde Marraxón, sobre todo desde Periquiño do Coto do Rei, a vista sobre a ría de Ferrol é, simplemente, impresionante e cautivadora. Se temos ocasión de pasar por alí á tardiña dun día claro, poderemos contemplar un solpor onde os reflexos da auga do mar se tinxen de prata e o ceu se conxuga á perfección con todo os espectáculo de xogos e luces. É realmente magnífico este miradoiro natural do Marraxón"

Llorca Freire, Guillermo; Pérez Alberti, Augusto e Romero Masiá, Ana Mª. Camiños de Ferrolterra.



"O camiñante descoñecido é o traballador que pasa, e é a muller que traballa a terra buscando o benestar da súa familia; e é o ledo excursionista; e é a muller que pasa aloumiñando a lonxanía, agardando a volta do home emigrado; e é o neno que vai todos os días á escola, e é a parella namorada que pasea a súa felicidade polo mundo".

Alfonso Piñón

"Este primeiro curso,
ben mirado, necesitaba íntegro
para sen ambición ensinalas
a aprender; poñelas en
disposición de servirse das súas
facultades intelectuais,
que permanecían atrofiadas
pola inacción ás que as
condenara un ensino
exclusivamente memorista".

fene vivo









# Praias e camiño



Memoria do ano escolar 1916-1917 do grupo de nenas da escola "Concepción Arenal"

"Escandoi é o ronsel do camiñar das lavandeiras, que se erguían de madrugada porque non lles chegaba a xornada para tanto como había que facer no río. A lembranza das mulleres que o inverno cruzaban os canos descalzas, sumidas na noite para chegaren aos lavadoiros por corredoiras enlagadas".

*Ramón Loureiro*


















Desde a Concellería de Promoción Económica coa colaboración do Galp Golfo Ártabro Norte e da Confraría de Barallobre, poñemos en marcha este proxecto para potenciar os principais sectores máis vulnerables do noso concello pola pandemia que estamos a vivir, o sector do mar e o sector hostaleiro.

**"O SABOR DO MAR NA TÚA MESA"** ten por obxecto coller o mellor de cada sector, aproveitando as sinerxías entre ambos os dous e salientar os produtos do mar para gozar deles cara ás festas de Nadal.
Queremos que coñezas as propostas da Confraría e da hostalería e te animes a consumir produtos de calidade e proximidade, ao natural ou transformados nos fogóns dos restaurantes de Fene.

**DEGUSTACIÓNS E SORTEOS DE CEAS PARA DOUS**
Os locais de hostalería que colaboran no proxecto ofrecen unha degustación de produtos da Lonxa de Barallobre á súa clientela co obxectivo de que se valore a súa calidade en comparación con outros produtos foráneos.
Esperamos así convencerte de que este Nadal o mellor é consumir produto de proximidade, fresco na lonxa ou transformado nos restaurantes que che ofrecen comidas e ceas para levar.
Ademais desde o proxecto **"FENE MAR VIVO II"**, co apoio do Galp, da Confraría e da Concellería de Promoción Económica, sortearanse 40 comidas e ceas para dúas persoas entre a clientela destes locais.

FENE
TURISMO

**MERCA EN FENE**
No código QR deste folleto ou na web www.fenevivo.com tes toda a información para poder facer os teus pedidos para estas festas.

***LEVA O SABOR DO MAR DE FENE Á TÚA MESA ESTE NADAL!***
*Merca o marisco fresco da confraría ou as comidas nos restaurantes de Fene.*
*Para máis información: rede@fenevivo.gal*

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

Golfo Ártabro Norte

Unión Europea
Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP)